

PENÉLOPE NO NOVELO

Corrían os anos cincuenta cando un grupo de xoves chegaba a Compostela para iniciar os seus estudos universitarios e alí atoparíanse tamén cunha cultura, a galega, que naquela altura estaba a vivir unha das súas peores épocas dada a ferrea represión que o réxime franquista impuña ás linguas peninsulares que non fosen o castelán. Porén, neles latexaba o xerme do traballo literario e político a prol de Galicia e formaron a que, máis tarde, se chamou Xeración das Festas Minervais. Dentro dela inclúense voces fundamentais como as de Méndez Ferrín, Franco Grande ou Xohana Torres, a única muller deste grupo. Precisamente, na colección Arte de Trobar -editada polo Pen Club e que segue no seu empeño de agasallarnos periodicamente coas obras completas das voces referenciais do noso sistema literario- vén de publicarse *Poesía reunida (1957-2001)*, un volume que recolle os tres poemarios asinados por esta autora que cultivou tamén a dramaturxia e a novela. O primeiro libro que deu ao prelo Xohana Torres foi *Do sulco* (1957) onde se amosa moi próxima á veta existencial que triunfaba por aquel entón na obra dos poetas da Escola da Tebra pero mesturada cun intimismo particular que estará sempre presente nos seus versos e que se manifesta no diálogo coa nai, a presenza da paisaxe galega (“Fisterre”, “Pontedeume”, “O Sil”, etc.) e a reflexión sobre a propia personalidade -“*Esta son eu,/ con nova voz de pobre que cambiara/ de recuncho ou de lugar nas rúas*”. Autora de lenta publicación, até 1980 non contamos cun segundo poemario de Xohana Torres: *Estacións ao mar*. Agora o tema central dos versos vai ser a memoria que se presenta a través do recordo de Lola, a avoa morta; evocando a infancia e os seus paraísos perdidos ou co retrato minucioso do escenario natal de Lorref que se esvae entre as sombras do olvido. Son, polo tanto, “*días para botarnos as primeiras tristezas*” e afogalas nun mar aberto á viaxe e á aventura que guía ao eu poético e á autora até Vigo, escenario do seu último libro édito: *Tempo de ría* (1992). Neste volume o paso do tempo non magoa tanto como nos anteriores e a poeta evoca as singraduras pasadas feita unha Penélope transgresora que tamén se embarcou para vivir a súa aventura persoal. Precisamente, será este poema de “Penélope” un referente para as poetas dos anos oitenta e noventa polo que ten de reescrita do mito clásico desde os ollos da súa protagonista feminina. Por último, e con gran acerto, recóllense varios poemas publicados en revistas e xornais e Luciano Rodríguez, responsable da edición, anuncia a existencia dun libro futuro que levará por título *Liña divisoria*. Con el, Xohana Torres sairá como Penélope do novelo para singrar outravolta os mares da poesía galega.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 98, xullo 2005, p. 72